



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Corme e Laxe. Municipio: Cabana de Bergantiños.
Parroquias: San Martiño de Canduas. Extensión: 0,46km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Sector acantilado, con certo recorte, con paredes basais de pendente variable pero notable –moi irregulares e con cavidades - e vertentes que presentan un perfil tendente á concavidade e unha pendente moderada e fundamentalmente regular. Na parte inferior das ladeiras aparece unha estreita chaira elevada que vai medrando en pendente a medida que se ascende cara ás cimas que pechan a unidade, a uns 100m. Inclúe parcialmente o EIX Flecha areosa do Anllóns e manto eólico do Monte Branco.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Pertence ao Dominio hercínico, cun granito de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado, denominado granito Tipo Laxe.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de clima homoxéneo. Valores anuais medios de temperatura por riba dos 15°C e entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada. A amplitude térmica anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. Dominio climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Solos moi pouco evolucionados sobre rochedo granítico. Trátase de regosois, que abarcan toda a unidade.

AS AUGAS

Sector costeiro acantilado situado na masa de Augas Costeiras 20171, á que a auga drenada desde as cimas próximas verte en forma de pequenas valgas ocupando o espazo entre promontorios.

O PATRIMONIO NATURAL

As vertentes baixas e os cantís están protexidos polo LIC Costa da Morte. A unidade inclúese no sector coa categoría de área de importancia para as aves (IBA) "Costa da Morte". Unidade acantilada na que domina o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos, sendo bastante importante tamén o hábitat 8330 de covas mariñas mergulladas e semimergulladas, ao existir bastantes exemplos de grutas rochosas. As vertentes baixas contan con matos costeiros. Potencialmente aparecen os hábitats 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros con Erica vagans.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O espazo litoral está dominado por formacións vexetais costeiras adaptadas á vida no litoral. Este tipo de vexetación instálase no bordo litoral acomodándose ás difíciles condicións tanto pola escasa potencia do solo como pola exposición aos fortes ventos e a acción do spray mariño. Tras esta orla vexetal aparecen os monocultivos de eucalipto e piñeiro ocupando practicamente a totalidade do espazo estendéndose desde o interior até a costa. Este continuo forestal só rompe pola presenza dunha pequena masa de vexetación mixta e dalgún pasteiro en franco retroceso.

MORFOLOXÍA

Debido á ausencia de núcleos de poboación e á imposibilidade de distinguir a trama parcelaria non se advirte unha estrutura morfolóxica ligada a actividades humanas, unicamente aparece unha edificación illada en Punta do Pichón.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Unha estrada rural transita polo interior da unidade, entre as árbores, comunicado a unidade de Monte de Taboído e o núcleo de Taboído coa praia de Rebordelo. Desde este camiño, unha pista de terra apta para vehículos permite acceder a unha edificación situada sobre a Furnela de Mundiña ou Punta do Pichón.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non se recollen elementos artísticos ou patrimoniais recoñecidos e/ou catalogados nesta unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Desde a Illa do Castelo até a Punta de Padrón esténdese un espazo costeiro no que a presenza de actividades humanas é moi reducida. A unidade mantén as condicións naturais propias deste litoral caracterizado pola forza dunha ondada que rompe, impasible, contra os cantís até sucar a roca creando entrantes naturais na súa base de gran beleza coñecidas como furnas.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Este tramo de costa, xunto coa unidade anterior, compón un espazo litoral pouco transformado, sen apenas presenza de edificacións no que destacan sobre todo a paisaxe natural e a tranquilidade da contorna. Desde calquera das fronteas acantiladas pódese gozar dunhas excelentes vistas da costa atlántica coa Illa do Castelo á fronte e as furnas, que tantas e tantas lendas inspiraron, aos nosos pés. Este espazo litoral atópase recollido dentro do LIC Costa da Morte e catalogado dentro da Rede Natura 2000. Para a súa observación propomos a Punta de Padrón, un fermoso saínte rochoso desde o que poder gozar dos misterios desta costa e a Punta de Pichón, a partir do cal pode divisarse a fronte costeira até a Punta do Cabalo, incluíndo as formacións rochosas e vexetais costeiras así como a praia de Rebordelo e a fronte costeira desde a praia de Balarés e Punta da Facha até a Punta do Canteiro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



